

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CLÚSTER GALLEGO DA INDUSTRIA E SERVIZOS DE APOIO AO DESENVOLVEMENTO DAS ENERXÍAS RENOVABLES E DA SOSTIBILIDADE ENERXÉTICA (CLUERGAL) PARA ANALIZAR O IMPACTO SOCIOECONÓMICO EN GALICIA DERIVADO DA SUSPENSIÓN DE PROXECTOS EÓLICOS E A SÚA REPERCUSIÓN NO DESENVOLVEMENTO ENERXÉTICO E SOCIOECONÓMICO NA NOSA COMUNIDADE**

En Santiago de Compostela, a 4 de decembro de 2024,

### **REUNIDAS**

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, cargo para o que foi nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, actuando en uso das competencias que lle son propias, outorgadas polo Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

E doutra parte, José Ramón Franco Caaveiro, con DNI \_\_\_\_\_, na súa condición de presidente da Asociación Clúster Gallego da Industria e Servizos de Apoio ao Desenvolvemento das Enerxías Renovables e da Sostibilidade Enerxética (en diante, CLUERGAL), rexistrada no Rexistro Central de Asociacións de Galicia con número 2011/015032, con NIF G70284120 e domicilio social Edificio CIS Galicia, s/n A Cabana, Ferrol (A Coruña).

Interveñen no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan recoñécense entre si capacidade legal para subscribir o presente Convenio e, para ese efecto,

### **EXPOÑEN**

**Primeiro.** A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático é o órgano da administración da comunidade autónoma ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, a conservación do patrimonio natural, a ordenación do litoral e promoción da paisaxe, a protección das augas, a loita contra o cambio climático e prevención da contaminación e as competencias na materia de instalacións de produción de enerxía a partir de fontes renovables, conforme o establecido no Estatuto de Autonomía para Galicia e nos termos sinalados na Constitución Española e no Decreto 49/2024, do 24 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

**Segundo.** Dentro desta consellería, a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático exercerá, entre outras, as competencias en materia de instalacións de produción de enerxía a partir de fontes renovables eólica terrestre, solar fotovoltaica e hidroeléctrica de competencia da Comunidade Autónoma, tendo en conta o seu papel no cumprimento dos obxectivos de redución das emisións netas de gases de efecto invernadoiro e de neutralidade climática da Unión Europea e a contribución da enerxía renovable á redución da contaminación e á protección, restauración e mellora do estado do ambiente, detendo e revertendo a perda de biodiversidade.

**Terceiro.** A tramitación de novas autorizacións para a instalación de parques eólicos na comunidade autónoma de Galicia atópase, a día de hoxe nun momento de parálise temporal, xa que máis de 60 parques eólicos, con máis de 1.800 MW de potencia, están suspendidos xudicialmente polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, producindo que estas instalacións non se poidan levar a cabo e paralizando a implantación de novos parques para produción de enerxía eólica.

Este feito está a provocar afeccións, non só aos obxectivos establecidos no Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2023-2030 (PNIEC) de implantación de enerxía autóctona e renovable de cara á descarbonización e protección do medio ambiente e no combate contra o quecemento global, senón tamén a toda a cadea de valor asociada a esta enerxía en materia de emprego, actividade económica, competitividade cohesión social e territorial.



**Cuarto.** CLUERGAL é unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e independente dos membros que a constitúen, con plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, nos termos regulados na normativa vixente e nos seus estatutos propios ao amparo do disposto no artigo 22 CE e da LO 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, cuxo misión e obxectivo principal o de promover proxectos conxuntos entre os seus membros, o desenvolvemento da industria e servizos do sector das enerxías renovables, así como accións encamiñadas a fomentar a sostibilidade enerxética, para alcanzar un maior nivel de competitividade de todo o sector, así como a creación dun entorno socioeconómico adecuado que propicie o crecemento da dita industria en Galicia.

Para conseguir este obxectivo, CLUERGAL exercita, entre outras, as seguintes actividades:

- a) Impulsar e defender os intereses xerais e horizontais da industria e servizos do sector das enerxías renovables.
- b) Promover a boa imaxe, a visibilidade e a importancia da industria e servizos do sector das enerxías renovables e a mellora do medio ambiente.
- c) Promover a cooperación, a innovación e a capacidade emprendedora co fin de potenciar, estimular e impulsar o tecido empresarial e a transferencia de coñecemento.
- d) Fomentar o intercambio de experiencias empresariais e profesionais entre os membros e a cooperación con centros de investigación e demais organismos relacionados de carácter internacional.
- e) Favorecer a existencia de recursos humanos altamente cualificados e que favorezan a competitividade no sector, ademais de apoiar a xeración de das condicións adecuadas para que sexa un sector atractivo para o desenvolvemento profesional das persoas.
- f) Facilitar a existencia dun tecido industrial e de servizos galego competitivo nun entorno global, xunto co desenvolvemento das ferramentas adecuadas para crear un entorno de traballo cooperativo no que se eviten deslocalizacións.

- g) Apoiar aos poderes públicos nun desenvolvemento normativo adecuado nas actuacións nas que as administracións consideren de interese a presenza do clúster a través dos seus órganos de representación.

**Quinto.** As partes asinantes comparten un interese común relacionado coa necesidade de analizar o impacto socioeconómico que se deriva da suspensión dos proxectos eólicos na comunidade autónoma de Galicia.

**Sexta.** Que, entre as posibles fórmulas de colaboración, ao quedar excluída pola natureza das entidades asinantes a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional, considérase máis axeitada a figura do convenio entre as partes involucradas ao abeiro do establecido no artigo 47.2 letra c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Por todo o exposto, ambas partes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes:

## CLÁUSULAS

### Primeira. Obxecto

É obxecto deste convenio establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e CLUERGAL para o desenvolvemento encontros e foros para analizar o impacto socioeconómico que se deriva da suspensión de proxectos eólicos e a súa repercusión no desenvolvemento enerxético e socioeconómico na nosa comunidade, ademais de programar e preparar os foros e publicacións divulgativas necesarias para dalos a coñecer.

### Segunda.- Obrigas de CLUERGAL

CLUERGAL comprométese polo presente convenio a:

- a) Planificar e organizar foros nos que participen as empresas que interveñen directa ou indirectamente na cadea de valor relacionada cos parques eólicos, dende a súa planificación, deseño e fabricación ata a súa explotación para analizar o momento que vive o sector a consecuencia da incerteza xurídica debida á paralización dos proxectos.
- b) Planificar e realizar encontros e debates con expertos no sector, para poder contrastar coas súas experiencias dende diferentes puntos de vista, analizando tanto a situación actual coma a súa proxección cara o futuro en función de diferentes escenarios de execución de proxectos.
- c) Recoller, analizar e clasificar todo o material xerado nos foros, encontros e debates para o seu uso na elaboración de conclusións de cara ás campañas divulgativas.
- d) Colaborar coa Dirección de Enerxías Renovables e Cambio Climático na obtención de conclusións, obtidas a partir dos diferentes encontros e entrevistas e proxectalas cara ao futuro en diferentes escenarios temporais.
- e) Colaborar coa Dirección de Enerxías Renovables e Cambio Climático na elaboración de material divulgativo para a realización de actos e campañas de comunicación que permitan dar a coñecer o efecto socioeconómico causado por esta paralización no sector das enerxías renovables en Galicia.

### **Terceira.- Obrigas da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático comprométese a:

- a) Diseñar, en colaboración con CLUERGAL o guión que debe seguirse nos foros para que se desenvolvan de xeito produtivo e permita obter conclusións.
- b) Asistir a estes foros, sempre que sexa necesario e CLUERGAL o requira.



- c) Promover a coordinación con outros departamentos da Xunta de Galicia ou outras entidades públicas ou privadas que poidan ter interese ou competencias na materia e organizar as xuntanzas necesarias para a súa posta en común.
- d) Poñer a disposición o persoal técnico necesario para prestar o asesoramento necesario para facilitar o desenvolvemento das actividades vinculadas ao convenio.
- e) Facilitar o acceso a fontes de información, sempre que sexa posible, que puideran ser relevantes para a análise do impacto socioeconómico dos proxectos eólicos, co fin de asegurar unha análise rigorosa e ben fundamentada, entre eles:
  - a. Informe de análise da situación dos proxectos eólicos na comunidade autónoma de Galicia no momento actual dende o punto de socioeconómico
  - b. Informe da situación dos proxectos eólicos da comunidade autónoma de Galicia nos integrantes da cadea de valor para súa implantación.
- f) Colaborar con CLUERGAL na obtención de conclusións, obtidas a partir dos diferentes encontros e proxectalas cara ao futuro en diferentes escenarios temporais.
- g) Colaborar con CLUERGAL na elaboración de material divulgativo para a realización de actos e campañas de comunicación que permitan dar a coñecer o efecto socioeconómico causado por esta paralización no sector das enerxías renovables en Galicia.
- h) Participar na organización de eventos divulgativos sobre a repercusión da suspensión dos proxectos eólicos en Galicia, aportando, de ser necesario, expertos ou persoal técnico que poida colaborar nos debates ou presentacións.
- i) Facilitar o acceso aos canles divulgativos propiedade da Xunta de Galicia.
- j) Financiar os gastos incorridos por CLUERGAL na realización das súas obrigas excepto os traballos de administración e coordinación destas actividades que sexan realizados por CLUERGAL a través do seu xerente e dos membros da súa xunta directiva.

#### **Quinta.- Contía da achega económica**

Para o desenvolvemento das actuacións previstas no convenio, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático achegará a CLUERGAL a cantidade máxima de **20.500 €** con cargo á partida orzamentaria 36.02.541E.640.1 do seu orzamento de gastos para o ano 2024.

Esta achega económica realizarase como unha compensación dos gastos nos que incorra CLUERGAL. En ningún caso se aboarán importes que supoñan a obtención de lucro por parte da dita asociación.

Será posible efectuar pagos parciais realmente xustificadas por CLUERGAL polos métodos establecidos na cláusula Sétima.

### **Sexta.- Gastos atendibles**

Con carácter xeral, considéranse gastos atendibles aos efectos do convenio, aqueles que de xeito indubidable responden á natureza das actividades e fins do convenio.

As actividades de coordinación e administración dos diferentes traballos obxecto deste convenio realizadas por CLUERGAL, a través do seu xerente e dos membros da súa xunta directiva, non terán contraprestación económica, non estando incluído, polo tanto, nos gastos a abonar por parte da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Requisitos dos gastos con cargo ao convenio:

- Os gastos deberán ser realizados, facturados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente ás actuacións realizadas entre a data de sinatura e a data de xustificación.



- O importe do IVE (imposto do valor engadido) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación, salvo que se acredite a exención do mesmo e consecuentemente non resulte recuperable.
- Os gastos nos que incorra CLUERGAL serán compatibles con outras cantidades públicas ou privadas que puidese recibir, que deberán ser declaradas nas liquidacións do convenio, e diminuirán o importe total a achegar pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.
- Todos os gastos externos xustificados por CLUERGAL deben axustarse a prezos de mercado, polo que podería solicitarse unha auditoría sobre os gastos xustificados, no caso de que non exista outro patrón de público coñecemento que permita establecer o dito axuste.

### **Sétima.- Xustificación e pagamento das contribucións da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia**

1. A contribución da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático será aboada previa solicitude de CLUERGAL, sempre que acredite ante a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático a execución das accións enunciadas neste convenio.
2. Para a acreditación á que se refire o punto anterior, CLUERGAL presentará á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a través da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, unha vez finalizada cada unha das actividades que se detallan neste Convenio, e en todo caso como data límite o 27 de decembro de 2024:



2.1. Unha **relación clasificada dos gastos** nos que se incorreu, coa identificación do concepto de gasto, acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.

2.2. As **facturas** e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa, así como os xustificantes das transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica sempre que contén co selo do banco, acreditativas dos pagamentos polos servizos realizados.

En ningún caso serán admisibles os pagamentos xustificados mediante recibo do provedor. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, o número e a satisfacción do importe total da factura (IVE incluído), así como o concepto a que se refiren. No caso de que no documento de pagamento non se faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, achegarse unha relación detallada das mesmas na que se poida apreciar que o pagamento se corresponda coas ditas facturas.

2.3. **Certificacións** expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que se está ao **corrente das obrigas tributarias** e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático realice estas consultas polos seus propios medios.

No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser incluído na solicitude de pagamento. Neste caso, deberá presentarse un certificado oficial expedido pola AEAT, acreditativo da situación da entidade con respecto ao IVE.



2.4 No caso daquelas accións nas que se elabore documentación, materiais gráficos, folletos, fotografías ou calquera outro material en formatos analóxicos ou dixitais, xuntarase unha copia dos mesmos ou a ligazón a webs e outros espazos virtuais relevantes nos que poida acreditarse a súa existencia.

2.5. Declaración da **titularidade da conta bancaria** onde se debe realizar o pagamento.

3. No caso de que o importe da xustificación do gasto sexa inferior á cantidade comprometida, a contribución económica realizarase polo **importe realmente xustificado**.

4. CLUERGAL responsabilizarase da veracidade dos documentos presentados. Coa solicitude de pagamento deberá achegarse unha **declaración responsable** de que non existe ánimo de lucro e que os importes reclamados se circunscriben á satisfacción dos gastos nos que teña incorrido para a execución das actividades obxecto deste convenio. Esta declaración responsable deberá estar asinada dixitalmente pola persoa que ostente a representación legal da entidade.

5. En todo caso, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a través da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

6. CLUERGAL manterá a disposición da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como a Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia do convenio.



### **Oitava.- Comisión de seguimento**

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado por CLUERGAL e por un representante designado pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

A súa actuación axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A presidencia da Comisión a ostentará unha das persoas que actúe en representación da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático que terá voto dirimente ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación e resolución propias dos negocios xurídicos administrativos.

### **Novena.- Vixencia e causas de resolución**

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.



- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Introducción de modificacións substanciais sen que as mesmas se aceptasen pola Comisión de seguimento.
- f) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando conorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de seguimento do convenio, acordarán a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

#### **Décima.- Modificación**

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. A dita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

#### **Undécima.- Publicidade da subscrición do convenio**



De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006 de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático publicará no *Diario Oficial de Galicia*, no Portal de Transparencia e Goberno aberto e na súa páxina web oficial o importe da prestación económica concedida ao abeiro deste convenio e a entidade destinataria desta, e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia deste puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión aos órganos competentes da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

CLUERGAL deberá subministrar toda a información necesaria para que a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

#### **Duodécima.- Propiedade intelectual**

A documentación xerada como consecuencia da execución deste convenio será propiedade conxunta de CLUERGAL e da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Na medida en que a mesma sexa susceptible de protección mediante o réxime da propiedade intelectual, seralles de aplicación o disposto no artigo 7 do Texto refundido da lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia, relativo á obra en colaboración.

A titularidade de todos os dereitos de propiedade intelectual inherentes á documentación elaborada será de CLUERGAL e da Consellería de Medio Ambiente e

Cambio Climático por ámbito mundial e polo prazo de protección dos dereitos de propiedade intelectual, de acordo coa normativa nacional e comunitaria aplicable.

### **Décimo terceira.- Responsabilidade**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, de tal xeito que non se poderá esixir a esta responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.

### **Décimo cuarta.- Autorizacións**

CLUERGAL consente expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con sede no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15781, Santiago de Compostela.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

### **Décimo quinta.- Natureza e normativa**

O presente convenio ten natureza administrativa quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, de conformidade co seu artigo 6, sen prexuízo da aplicación dos principios desa lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, consonte o previsto no seu artigo 4.

As partes comprométense a resolver de común acordo, ante a Comisión de seguimento, calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio. En caso de conflito as partes acordan o sometemento á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non se opoña á Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio electrónicamente, tomándose como data de sinatura a do último asinante.

Pola Consellería de Medio Ambiente e  
Cambio Climático

Por CLUERGAL

Ángeles Vázquez Mejuto

José Ramón Franco Caaveiro



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
MEDIO AMBIENTE E  
CAMBIO CLIMÁTICO

